

# informa TEO

SERVIZOS  
BÁSICOS

## A auga municipal chega, por fin, á zona sur e leste do concello

Despois de moitos meses de exhaustivos controis, a Consellería de Sanidade autorizou por fin a posta en marcha da ampliación da rede de abastecemento que dará servizo de auga potable a amplas zonas das parroquias de Reis, Teo e Vilariño, e posibilitará unha nova ampliación ata Bamonde.

As veciñas e veciños destas parroquias xa poden solicitar que o servizo municipal realice as acometidas para chegar ás súas vivendas no departamento de Augas de Teo, situado na Casa do Concello e aberto en horario de oficina.

### Núcleos con auga

Os núcleos que poden dispoñer de auga da traída municipal a partir de agora son Xermeade, Olveira, Cerdeira, Fontenlo, Campos, Mallos e Agromaior. En Vilar é preciso facer un topo para dar servizo á outra marxe da estrada, e nos próximos meses realizárase a obra de ampliación ata Vilariño e Bamonde.

### Servizo con todas as garantías

A posta en marcha da nova rede viuse atrasada porque nas analíticas iniciais detectouse unha presenza de aluminio superior aos límites autorizados. Diante dun posible risco, a nova rede foi bloqueada e sometida a controis periódicos que determinaron que a presenza de aluminio (debida ao recubrimento interior da tubaxe), foi diminuíndo tralo tratamento de arrastre ao que se someteu.

Os últimos seis meses de análises realizadas a petición da Consellería de Sanidade constataron a desaparición do problema e determinaron que a Consellería autorizase a posta en marcha da ampliación con todas as garantías.



Co obxecto de trasladar á veciñanza unha garantía permanente, o Concello vai incorporar a análise de aluminio aos controis periódicos que se realizan sobre a potabilidade da rede.

### Nova ampliación

Despois da situación de alarma pola seca do ano pasado, o Concello marcouse como obxectivo ampliar a rede de abastecemento municipal. Ademais da actuación comentada e a realizada no Ferreiriño, antes de final de ano está programada a ampliación da rede cara A Ribeira, A Freiría, O Piñeiro, Pazos, Samar e Valiñas xunto co abastecemento ao lugar de Coira •

**A veciñanza pode solicitar as acometidas ás súas vivendas na oficina de Augas de Teo situada na Casa do Concello**

# Somos Teo e presumimos de selo para recibir cada vez máis visitantes



**Turismo de Teo anima a compartir nas redes sociais o vídeo elaborado polo Departamento municipal de Patrimonio que amosa os atractivos do concello**

Turismo de Teo promociona o municipio cun vídeo que recolle os numerosos puntos de interese para as persoas que nos visitan. Mediante un paseo no que destacan as espectaculares imaxes aéreas, a peza audiovisual, titulada *Somos Teo*, amosa diversos enclaves históricos, miradoiros e espazos naturais, sendas xacobeas, elementos do patrimonio románico, expresións de megalitismo, petróglifos, arte rupestre, pontes medievais, arquitectura popular e as paisaxes da ribeira do Ulla, entre outros valores turísticos locais.

Aínda sendo predominantemente visual, as imaxes do vídeo levan textos de acompañamento cunha descrición concisa de cada un dos lugares ou elementos que van aparecendo na pantalla.

O vídeo, de cinco minutos de duración na súa versión extensa e con outra versión curta de medio minuto, xa se pode ver na canle de Youtube do Concello. Tamén estará accesible na páxina web e vai ser promovido a través das redes sociais municipais, especialmente as de Turismo de Teo, co propósito de lograr viralizalo e chegar así á maior cantidade posible de xente.

Para ese fin, vai ser fundamental tamén a implicación de toda a veciñanza compartindo o vídeo nas súas redes sociais. Deste xeito poderá incrementar-se o número de visualizacións. Esta colaboración contribuirá na tarefa de dinamizar os recursos turísticos de Teo e de dar a coñecer os seus múltiples atractivos para intentar incrementar a afluencia de visitantes durante os vindeiros meses. Porque somos Teo e presumimos de selo •

# URBANISMO Xullo e agosto traen obras nos pavillóns municipais e en sendas

O Concello executará a partir das vindeiras semanas diversas obras en sendas peonís, pavillóns municipais e no edificio da Policía Local, despois de rematar os correspondentes procesos de licitación e contratación dos proxectos.

En canto ás sendas peonís, destaca a que conectará Adrán coa urbanización Campos de Mirabel e o centro de saúde de Calo. Tamén se acometerá a que vai desde o CEIP dos Tilos ata o pavillón municipal situado nas súas proximidades. Do mesmo xeito, tamén se rematará a senda de conexión entre o IES de Cacheiras e a estrada AC-841.

Os polideportivos que recibirán melloras nestes meses de verán serán os dos Tilos e da Ramallosa. Nos Tilos vanse pintar e axeitar os vestiarios, o túnel de acceso, os aseos e as portas interiores. Tamén está previsto mellorar as condicións de seguridade da varanda instalada sobre as gradas.

No pavillón da Ramallosa as obras que prepara o Departamento de Urbanismo de Teo consistirán en reparar o pavimento da pista de xogo, que recibirá un novo tratamento superficial. Outra intervención reseñable é que se abrirán ocios de ventilación nas fachadas. As súas dimensións serán de 30 x 50 centímetros. Contarán con reixas metálicas. O propó-



sito desta medida é mellorar as condicións de humidade da instalación.

Pola súa parte, as dependencias da Policía Local mellorarán a súa accesibilidade mediante a instalación dunha plataforma elevadora no exterior do edificio. O novo equipamento levará ata a porta de acceso existente no primeiro andar. Facilitará que persoas con dificultades de mobilidade poidan efectuar sen problemas as súas xestións no servizo policial •

**Melloras nos pavillóns dos Tilos e da Ramallosa e sendas Adrán-Campos de Mirabel-Centro de Saúde de Calo, do CEIP ao pavillón dos Tilos e do IES á AC-841**

## SERVIZOS BÁSICOS

### Novo equipamento deportivo nas áreas de xogo

O Departamento de Servizos Básicos, dirixido polo concelleiro Xurxo Francos, estivo realizando melloras nas áreas de xogo de Santa María de Teo e en Campos de Mirabel.

Nas últimas semanas colocáronse nestas zonas de esparecemento canastras para poder practicar o baloncesto. Deste xeito en Teo queda completada unha zona de lecer na que hai uns meses se instalou un parque infantil que se completou con bancos e mesas. Nesta área hai unha rede para practicar tenis que está gardada nun caseto nas mesmas canchas. Nun exemplo moi positivo de autoxestión para poder usala hai que achegarse a Casa Paz polas chaves e devolvelas alí ao rematar. O Concello agradece a Casa Paz a súa colaboración.

En Campos de Mirabel instaláronse as canastras na pista deportiva, respondendo a unha demanda da veciñanza nunha zona con moita poboación concentrada.

Nas próximas semanas o Departamento de Servizos Básicos ten tamén previstos os traballos de renovación do parque da parroquia de Lampai.



# O Concello emitirá o informe sobre residuos da Casalonga coa máx

O Concello está traballando intensamente na elaboración do informe de compatibilidade urbanística sobre o proxecto presentado pola empresa Toysal para instalar unha planta de reciclaxe de residuos na zona da Casalonga.

Este informe, que de ser negativo impedirá que o expediente siga adiante, é un documento técnico e a súa orientación e emisión non depende da maior ou menor vontade política, nin do alcalde, nin do goberno nin do pleno. A súa redacción e fundamentación corresponde aos servizos técnicos municipais.

Lonxe de ser o centro do problema “o Concello é xunto coa veciñanza máis afectada o que ten o problema, e o problema é a ameaza dunha instalación deste tipo en solo rústico pola permisividade dunha Lei do solo aprobada no 2016 polo Partido Popular no Parlamento Galego”. Se a planta chegara a colocarse en Teo será “única e exclusivamente porque a lei do solo autonómica permite este tipo de actividades neste tipo de solo” destaca o rexedor.

Ademais disto o Plan de Xestión de Residuos de Galicia, co que tamén ten que cumprir a empresa, indica que estas actividades se localizarán “preferentemente” en polígonos industriais. “Resulta ata insultante incluír ese ‘preferentemente’, xa que se o PP tivera verdadeiro interese en que estas plantas de xestión de residuos estivesen en polígonos industriais no plan de residuos non dexaría aberta a porta a esta interpretación absolutamente arbitraria”, indica Sisto.

De todos os xeitos, “o PP no Parlamento ten os instrumentos necesarios para evitar esta planta en Teo e outras moitas por Galicia adiante, modificar a súa propia Lei do Solo e o seu propio Plan de Residuos xa que conta con maioría absoluta para facelo” lembra Sisto. A modificación desta normativa autonómica sería a garantía definitiva de que unha planta así ou outras actividades perigosas non sexan unha ameaza real para Teo.

## Informe de compatibilidade

Como xa se ten explicado en reunións e varias asembleas veciñais durante as últimas semanas, dende a administración local o único que se emite é un informe de compatibilidade urbanística. Este



documento indicará se o proxecto é compatible urbanisticamente co planeamento do Concello.

Cómpre lembrar que a empresa presenta en decembro de 2017 esta solicitude no Concello, momento no que tamén inicia a tramitación da autorización ambiental integrada na Xunta. Diante desta solicitude a administración local solicita información á empresa para saber que é o que pretende instalar na Casalonga. A finais de xaneiro entra no Concello o proxecto e solicítase un primeiro informe que avalíe o impacto deste tema no termo municipal. A continuación, como é sabido, infórmase á cidadanía e mantéñense contactos políticos cos grupos municipais, coa Xunta de Galicia e con Concellos limítrofes.

En paralelo o Departamento de Urbanismo comeza a deseñar o informe de compatibilidade urbanística. A importancia deste traballo radica en que é

**O informe, que de ser negativo detería o expediente, é un documento técnico e a súa orientación e emisión non depende da vontade política**

# re o proxecto da planta de ima seguridade xurídica



a única ferramenta que ten o Concello para “evitar polo menos temporalmente” esta instalación. E para facelo con garantías e non de xeito precipitado os técnicos están traballando e buscando asesoramento externo.

Como explica a concelleira de Urbanismo, Uxía Lemus, “neste informe xogámonos moito e como xa sabemos é a única baza do Concello no tema. Ademais, se normalmente a esixencia de seguridade xurídica en todos os informes técnicos do Concello é moi alta, neste caso imos un pouco máis alá pola transcendencia do tema”.

Cómpre destacar que o informe municipal ten que ter a consistencia necesaria para que non poida ser cuestionado facilmente, nin pola administración autonómica nin en sede xudicial, no suposto de que a empresa optase por presentar unha reclamación xudicial.

Así pois, o Concello emitirá o informe no momento no que estea pechado con garantías, un proceso que seguramente dure varios meses, e cando considere máis axustado ao interese xeral de evitar a colocación da planta.

Hai que recordar que o Concello mantivo unha xuntanza coa Xunta de Galicia por este tema a primeiros de xuño na que estaban presentes representantes de todos os grupos políticos municipais e da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos. Nesa xuntanza atopouse boa disposición por parte da Xunta e falouse do procedemento administrativo. En ningún caso se lle esixiu ao Concello a emisión inmediata do informe de compatibilidade urbanística. Hai que destacar tamén que neste caso non existe silencio administrativo por parte do Concello nin tampouco un prazo concreto para enviar o informe.

## Unidade de acción

O Pleno de maio aprobou unha moción de apoio aos afectados por este proxecto co voto favorable de todos os grupos da corporación. Dende o Concello valorouse moi positivamente esta actitude no Pleno. A pesar de manifestacións posteriores por parte dos grupos da oposición “facer o posible para manter este consenso polo ben da cidadanía é a nosa obriga” indica Sisto. “Non responderemos a provocacións xa que temos claro o noso obxectivo e non nos equivocamos de inimigo, o noso único interese é evitar a colocación de Toysal en Teo”, precisa o alcalde.

## Exposición pública

Outro dos aspectos que xera moito interese é saber cando se vai realizar a exposición pública do proxecto, un dos momentos clave do procedemento. Segundo as previsións que lle dá a Xunta ao Concello esta exposición non será antes do vindeiro outono.

En todo caso, o Concello estará vixiante para poder facer unha ampla difusión deste proceso e que a contestación social e institucional en forma de alegacións sexa outro obstáculo para esta planta que supón unha agresión á cidadanía de Teo •

**O alcalde sinala como unha obriga dos representantes públicos manter o consenso acadado no Pleno sobre este asunto polo ben da cidadanía**

# A rapazada de Teo sitúa a seguridade viaria como un reto colectivo básico



## Campaña audiovisual do Consello Local da Infancia e a Adolescencia de Teo para previr situacións de risco cotiás que afectan á seguridade viaria

A rapazada de Teo quere que a seguridade viaria sexa considerada un reto colectivo. É o fundamento dunha nova campaña audiovisual coa que, a través de oito anuncios diferentes, queren sensibilizar a condutores e peóns das súas obrigas nas estradas.

O lema da campaña é precisamente *‘O poder da seguridade viaria é o noso maior reto’*. Os anuncios serán difundidos nos vindeiros meses nos centros educativos do municipio e tamén a través dos medios de difusión cos que conta o Concello.

Os rapaces e rapazas traballaron desde abril ata mediados de xuño nesta iniciativa. A temática da seguridade viaria fora unha das que máis lles preocupaba cando en febreiro se constituíu o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) de Teo. Por iso xa entón acordaron a creación desta campaña.

### Contido dos vídeos

Os oito vídeos xa están dispoñibles na canle de Youtube do Concello. Duran entre vinte segundos e un minuto, teñen guion do CLIA e están protagonizados por nenos e nenas de Teo. As distintas pezas conciencian sobre aspectos como prestar atención ao cruzar os pasos de peóns, a distancia de seguridade mínima a ciclistas, o respecto polos límites de velocidade especialmente nas estradas que atravesan núcleos de poboación, conducir coa mente despexada e o corpo descansado ou levar casco ao circular na moto ou na bicicleta •



# DEPORTES Preséntase a programación de escolas deportivas para o curso 2018-2019



A páxina web do Concello publicará toda a información o 24 de agosto e o prazo para as inscricións comezará a partir do 3 de setembro

A programación das escolas deportivas municipais de Teo para o curso 2018-2019 inclúe máis de vinte especialidades distintas en diferentes instalacións do municipio.

Deste xeito, no pavillón polideportivo dos Tilos ofértase patín, baloncesto, tenis de iniciación e avanzado e atletismo. No pavillón de Calo as opcións serán patín, os dous niveis de tenis, taekwondo, psicomotricidade, voleibol, baile, karate e kickboxing. No polideportivo Ezequiel Mosquera, na Ramallosa, a programación comprende patín, minitenis, psicomotricidade, baile, tiro con arco e ciclismo.

Completan o amplo abano baile e pádel no club Family Os Tilos, judo no Club San Francisco Os Tilos, xadrez na Casa Común dos Tilos, rugby e fútbol americano no campo de fútbol de Cacheiras, béisbol, skate e bicitrial no IES de Cacheiras e natación, nada-corre e herocan cross junior na piscina da Ramallosa.

Toda a información sobre esta convocatoria estará dispoñible na páxina web do Concello a partir do 24 de agosto. O prazo para anotarse comeza o 3 de setembro. Se o número de solicitudes superan as prazas, serán asignadas mediante un sorteo público •

## CULTURA

### As escolas culturais abre prazo o 3 de setembro

As escolas culturais municipais de 2018-2019 tamén abrirán o seu prazo para inscricións o 3 de setembro. Se a demanda supera a oferta, seguirase o mesmo sistema de sorteo público para cubrir as prazas dispoñibles.

A programación contempla cinco grupos de idade distintos de doce prazas cada un para artes plásticas na escola do Ameneiro (Calo) e outros tantos na escola de Tras do Eixo (Cacheiras). Tamén están dispoñibles dous grupos de teatro de quince prazas cada un, que se impartirán no Auditorio Constante Liste na Ramallosa. A Casa Común dos Tilos acollerá dous grupos de guitarra en nivel básico e outros dous en nivel medio. Na Casa Común Marisa Mirás, en Calo, impartiranse as clases de precirco e na Casa Común de Cacheiras as de danza contemporánea. A Aula de Informática da Ramallosa tamén programa cursos durante toda a tempada. Todos os detalles poderanse consultar na web do Concello a partir do 24 de agosto.



# AXENDA

## Xullo de 2018



<b>Mércores</b>	Asesoramento sobre a factura eléctrica (en agosto non). De 10:00 a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.
<b>Venres</b>	Mercado en Cacheiras.
<b>Sábados</b>	Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

-- Todas as tardes. Servizo de '**Bibliopiscina**' nas piscinas de Luou e dos Tilos. Prensa e libros á disposición dos usuarios e usuarias.

**5** Xoves. 20:30 h. **Mesa redonda** coa Plataforma Veciñal Mina de Touro-O Pino NON, con información sobre o vertedoiro e a mina de Touro. Salón de Plenos do Concello de Teo.

**6** Venres. 20:30 h. Reunión do **Consello Parroquial de Reis**, conformado recentemente dentro do proceso de participación veciñal. Escola de Reis.

**7** Sábado. 20:00 h. **Estrea da obra do obradoiro de teatro xuvenil** do Concello de Teo. Dirixe Clara Gayo. Auditorio Constante Liste (A Ramallosa).

**7** Sábado. **XXI Festival Música na Noite**. Actuarán A Compañía do Ruído, Desequilibrio Mental, Pito de Pikasso, Cuarta Xusta e Chorima. Organiza a Asociación Cultural Lúa Chea. Colaboran o Concello de Teo e Gadis. Calo.

**10** Martes. Mediodía. Concerto da **Banda de Música S.R. San Xoán de Calo**. Campo da festa de Reis.

**15** Domingo. Mediodía. Concerto da **Banda de Música Cultural de Teo**. Campo da festa de Vilariño.

**22** Domingo. **XIX Trofeo Vila de Luou de ciclismo**. Organiza o Club Ciclista Teo.

**28** Sábado. Mediodía. Concerto da **Banda de Música Cultural de Teo**. Campo da festa de Lampai.

## 30 agosto

Xoves. 20:30 h. **Reunión sobre o inicio de curso** para as familias dos nenos e das nenas que figuren nas listaxes de admisión das **Escolas Infantís Municipais de Teo**. Salón de Plenos da Casa do Concello.